

Programa da proba selectiva para o ingreso na categoría de logopedista (para as quendas de acceso libre e promoción interna)

Parte común.

Tema 1. A Constitución española: Principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na Constitución.

Tema 2. Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e a súa Presidencia. A Administración pública galega.

Tema 3. A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4. A Lei de saúde de Galicia: O sistema público de saúde de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde. A súa estrutura organizativa: disposicións que a regulan.

Tema 5. O Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde: clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Retribucións. Xornada de traballo. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 6. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde: Réxime de provisión e selección de prazas.



Tema 7. Normativa vixente sobre protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: disposicións xerais; principios de protección de datos; dereitos das persoas. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

Tema 8. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: Capítulos I, II, III e V. Principais riscos e medidas de prevención nas IISS. Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Lexislación sobre igualdade de mulleres e homes: a súa aplicación nos distintos ámbitos da función pública.

Parte específica.

Tema 1. Asistencia sanitaria: obxecto e feitos causantes. Beneficiarios/as. Prestacións médicas e farmacéuticas. Modalidades da prestación médica. A participación dos/das beneficiarios/as no prezo dos medicamentos.

Tema 2. Principios fundamentais da bioética: dilemas éticos. O segredo profesional: concepto e regulación xurídica. O consentimento informado. Os dereitos de información sanitaria, intimidade e o respecto da autonomía do/da paciente.

Tema 3. Calidade no Sistema nacional de saúde: características da atención sanitaria. Dimensións de calidade: científico-técnica, efectividade, eficiencia, accesibilidade e satisfacción do/da usuario/a. Avaliación de estrutura, proceso e resultados. Mellora

continua da calidade. Métodos de avaliación da calidade: auditorías. Programas de calidade: deseño e implantación.

Tema 4. Metodoloxía de investigación: técnicas cuantitativas e cualitativas. Estrutura metodolóxica dun traballo científico. Fontes de datos. Investigación básica: estudos de identificación e priorización de problemas. Investigación aplicada: estudos descritivos e analíticos dos diagnósticos utilizados, estudos de procesos e resultado.

Tema 5. Epidemioloxía: concepto. O método epidemiolóxico. Enfermidades transmisibles de maior incidencia na poboación galega: tipos e características. Sistema nacional de vixilancia epidemiolóxica. Enfermidades de declaración obrigatoria.

Tema 6. Demografía sanitaria. Indicadores demográficos e a súa utilidade para o traballo: natalidade, fecundidade, mortalidade, migracións, crecemento vexetativo.

Tema 7. Saúde pública: concepto. Saúde e enfermidade: concepto. Indicadores de saúde por idade e sexo: morbilidade, mortalidade, letalidade e esperanza de vida. Principais problemas de saúde na poboación galega actual. Elementos de priorización: magnitude, transcendencia, vulnerabilidade e custo.

Tema 8. Técnicas e habilidades de comunicación e relación interpersoal. Traballo en equipo. Entrevista clínica. Concepto e características. Identificación de necesidades de apoio.

Tema 9. Xestión e planificación de servizos sanitarios: concepto. Produto sanitario: concepto. Carteira de servizos: concepto.

Tema 10. Nocións básicas de informática: concepto de procesador de textos, base de datos e correo electrónico. Intranet: concepto.

Tema 11. A logopedia como profesión sanitaria regulada. Perfil profesional dos/das logopedistas no ámbito do Sergas. A participación dos/das logopedistas no equipo profesional.

Tema 12. Anatomía e fisioloxía dos órganos da audición, deglutición, fala e voz. Neuroanatomía da linguaxe.

Tema 13. Etapas do desenvolvemento da linguaxe. Psicoloxía da linguaxe.

Tema 14. Conceptos xerais sobre comunicación e linguaxe. As funcións da linguaxe. Descrición dos compoñentes da linguaxe. Codificación e decodificación lingüística. Fonética e fonoloxía.

Tema 15. Disglosias conxénitas e adquiridas post-cirurxía de cabeza e pescozo. Descrición, clasificación e tratamento. Estruturas ORL afectadas nas disglosias. Tratamento interdisciplinar das disglosias.

Tema 16. Avaliación e intervención logopédica na fisura naso-labio-alveolopalatina (FNLAP).

Tema 17. Avaliación e intervención logopédica no frenillo lingual alterado (FLA).

Tema 18. Avaliación e intervención nos trastornos de fluidez da fala.

Tema 19. Disartrias. Definición. Clasificación e descrición dos distintos tipos de disartria. Avaliación e diagnóstico diferencial. Intervención logopédica nas disartrias.

Tema 20. A enfermidade de párkinson idiopática e os parkinsonismos. Concepto, síntomas, diagnóstico, avaliación e tratamento logopédico.

Tema 21. As enfermidades neurodexenerativas. A esclerose múltiple, a esclerose lateral amiotrófica e a esclerose tuberosa. Concepto, síntomas, diagnóstico, avaliación e tratamento logopédico.

Tema 22. Dano cerebral adquirido (DCA). Concepto. Etioloxía e principais alteracións asociadas ao DCA (atención, percepción, memoria, linguaxe, praxia, funcións executivas, emocións, etc.).

Tema 23. Alteracións da linguaxe asociadas ao DCA: afasia. Definición do termo afasia, etioloxía e semioloxía dos diferentes tipos de afasia. Modelos de explicación da afasia. Outros trastornos asociados ao DCA: alexia, agrafia, acalculia e apraxia.

Tema 24. Avaliación da comunicación e da linguaxe en pacientes con DCA. Diagnóstico diferencial dos distintos tipos de afasia. Valoración da apraxia da fala. Valoración e diagnóstico diferencial dos trastornos da lectura, escritura e cálculo asociados ao DCA.

Tema 25. Intervención nos trastornos da comunicación e linguaxe asociados ao DCA. Modelos de intervención e programas para a rehabilitación da afasia e apraxia. Intervención sobre as dificultades adquiridas na lectura, escritura e cálculo.



Tema 26. A enfermidade de alzhéimer e outras demencias. Concepto, síntomas, evolución, diagnóstico precoz, factores de risco e tratamento.

Tema 27. Disfonías. Clasificación das disfonías. Valoración clínica e funcional da voz. Análise acústico e instrumental da voz. Principios e procedementos da rehabilitación vocal.

Tema 28. Rehabilitación das disfonías funcionais e orgánicas. Rehabilitación das disfonías asociadas a dano neurolóxico e/ou cirúrxico. A voz profesional. Valoración e intervención na voz profesional falada e cantada.

Tema 29. Feminización e masculinización da voz en persoas trans.

Tema 30. Trastorno específico da linguaxe / trastorno do desenvolvemento da linguaxe (TEL/TDL). Etioloxía. Identificación e formas nas que se presenta o TEL/TDL. Subtipos clínicos: déficit fonolóxico-sintáctico e déficit sintáctico-semántico. Procedementos de avaliación e intervención.

Tema 31. Avaliación dos trastornos dos sons da fala e intervención nos sons da fala.

Tema 32. Trastornos do espectro autista (TEA). Concepto, síntomas, diagnóstico, avaliación e tratamento logopédico. Avaliación e tratamento doutras alteracións no neurodesenvolvemento cognitivo.

Tema 33. Parálise cerebral: Concepto, síntomas, diagnóstico, avaliación e tratamento logopédico. Outras alteracións no neurodesenvolvemento motor.

Tema 34. Atención temperá. Concepto, destinatarios e principios de valoración e intervención. A atención temperá no ámbito do Servizo Galego de Saúde. Coordinación interinstitucional na atención temperá.

Tema 35. O cancro de cabeza e pescozo. Características e tipos. Alteracións na fala, voz e outras funcións orais non verbais no paciente cirúrxico e non cirúrxico. Prevención, valoración e intervención logopédica no paciente con cancro de cabeza e pescozo.

Tema 36. Concepto e intervención logopédica no paciente con larinxectomía total e parcial. Uso de próteses fonatorias.

Tema 37. Bases anatómico-fisiolóxicas da deglutición normal. Fases da deglutición normal. A disfaxia: concepto, características e consecuencias.

Tema 38. Procedementos de cribado da disfaxia. Valoración clínica da deglutición e funcións asociadas. Probas de valoración instrumental: videofluoroscopia e fibroendoscopia. Interpretación dos resultados da valoración. O proceso de toma de decisión na disfaxia.

Tema 39. Técnicas compensatorias na disfaxia. Adaptación de alimentos no marco IDDSI. Técnicas directas e indirectas na rehabilitación da disfaxia. Técnicas de apoio ao tratamento: electroestimulación, biofeedback.

Tema 40. Logopedia nas dificultades da alimentación infantil. Valoración e intervención na disfaxia pediátrica. Logopedia nos/nas nenos/as con inxesta restritiva e selectividade alimentaria.

Tema 41. Motricidade orofacial. Funcións e disfuncións do sistema estomatognático (SE). Clasificación das maloclusións. Respiración alterada e implicacións. Hábitos suctorios lesivos e os seus efectos. Formas clínicas de deglutición disfuncional. Disfuncións mastigatorias.

Tema 42. A terapia miofuncional: concepto e procedementos. Valoración e intervención logopédica na deglutición disfuncional.

Tema 43. Valoración e intervención logopédica sobre outras alteracións da motricidade oral: respiración oral, síndrome de apnea obstrutiva do sono, alteracións na ATM e mastigación.

Tema 44. Discapacidade auditiva. Clasificación e etioloxía das hipoacusias. O desenvolvemento da linguaxe na persoa con discapacidade auditiva. Procedementos de avaliación e valoración da audición. Principios xerais de valoración e intervención logopédica en hipoacusias.

Tema 45. Rehabilitación logopédica en implantados cocleares. Rehabilitación logopédica en dispositivos implantados de oído medio e próteses auditivas. O adestramento auditivo. Sistemas de apoio: palabra complementada, sistema bimodal. A lingua de signos española.

Tema 46. Funcións do/da logopedista na unidade neonatal. Prematuridade e baixo peso. Necesidades do bebé prematuro. Técnicas, posturas e manexo da disfaxia nun bebé prematuro.

Tema 47. Funcións do/da logopedista nas unidades de coidados Intensivos. Logopedia no/na paciente crítico/a. Abordaxe do/da paciente en ventilación mecánica. Logopedia na síndrome postcoidados intensivos.

Tema 48. Logopedia no/na paciente traqueostomizado/a. Valoración e intervención das alteracións da deglutición e comunicación. Logopedia no proceso de decanulación.

Tema 49. Sistemas alternativos e aumentativos de comunicación. Concepto e clasificación. Tipos de soporte e acceso. Proceso de valoración, selección, adaptación e adestramento en sistemas alternativos e aumentativos de comunicación.

Tema 50. Perspectiva de xénero. Saúde e xénero. Morbilidade diferenciada. Violencia de xénero: prevención, detección e actuación por parte dos/das profesionais do Servizo Galego de Saúde.

Nota:

Parte común: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 23 de setembro de 2025 , pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías fisioterapeuta, logopedista e terapeuta ocupacional (Diario Oficial de Galicia núm. 188 de 30 de setembro).

Parte específica: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 23 de setembro de 2025, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso nas categorías fisioterapeuta, logopedista e terapeuta ocupacional (Diario Oficial de Galicia núm. 188 de 30 de setembro).